

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

5616 *Real decreto 483/2009, do 3 de abril, polo que se modifican os cadros de persoal aprobados para o ciclo 2008-2009 no Real decreto 1311/2004, do 28 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de cadros de mando das Forzas Armadas para o período 2004-2009.*

Entre as medidas para a aplicación da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, aprobadas pola disposición adicional décimo quinta da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, autorízase o Goberno para modificar os cadros de persoal aprobados para o ciclo 2008-2009 no Real decreto 1311/2004, do 28 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de cadros de mando das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de abril de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1311/2004, do 28 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de cadros de mando das Forzas Armadas para o período 2004-2009.*

Modifícanse os cadros de persoal que figuran para o ciclo 2008-2009 nos anexos B e C do Real decreto 1311/2004, do 28 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de cadros de mando das Forzas Armadas para o período 2004-2009, e fíxanse as novas cifras para os corpos, escalas e empregos que se especifican no anexo a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de abril de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,
CARME CHACÓN PIQUERAS

ANEXO

B. Armada

1. *Corpo xeral*

Empregos	Escala superior de oficiais
Tenente de navío	353

C. Exército do Aire

4. *Corpo de especialistas*

Empregos	Escala de suboficiais
Subtenente	1.264
Brigada	1.841
Sarxento primeiro	811